

1. Equipo

Amparo Cereixo Silva
Rocío Dourado Fernández
Lucía Doval Iglesias
Paulo Martínez Lema
Iria Pérez Mariño
Xavier Varela Barreiro (dir.)
Carlos Vázquez García

2. Utilidades e modo de funcionamento

Co *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* (ITGM) pretén facer accesible de forma gradual a totalidade do material toponímico presente na documentación galega medieval, compilada e codificada no corpus textual *Xelmírez* (*Corpus Lingüístico da Galicia Medieval*) (<http://ilg.usc.es/tmilg/>) (<http://sli.uvigo.es/xelmirez/index.html>) do Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela). No proceso de recuperación da información, as agrupacións de topónimos obtéñense pola aplicación de criterios lingüísticos (relativos fundamentalmente ao proceso de lematización) e/ou de criterios xeográfico-administrativos.

A consulta do ITGM pódese efectuar de dous grandes xeitos:

a) *busca a partir da forma moderna* (lema moderno → forma medieval): o usuario organiza a busca tomando como referencia a forma moderna dun topónimo, e o ITGM devólvelle todos os lemas coincidentes coa forma introducida. A partir de aquí, o usuario pode seleccionar o lema que lle interese para coñecer o referente extralingüístico actual dese topónimo, a súa tipoloxía referencial (poboación, rúa, comarca, río...), as súas coordenadas xeográfico-administrativas (concello, parroquia, provincia, país...), a súa localización xeográfica exacta ou aproximada (a través do módulo cartográfico integrado no buscador) e, por último, as distintas formas gráficas coas que aparece rexistrado o topónimo nas obras medievais. Esas formas, organizadas cronoloxicamente, están acompañadas da referencia á colección documental da que foron extraídas, así como o número de documento, a páxina e o ano de redacción. Ademais, ofrécese a posibilidade de recuperar o topónimo no seu contexto, de maneira que se poida afondar na análise dos seus valores.

b) *busca a partir da forma medieval* (forma medieval → lema moderno): o procedemento é exactamente o mesmo e segue as mesmas fases que as descritas no punto anterior, se ben neste caso o usuario toma como punto de partida na busca as formas literais non lematizadas rexistradas nos textos. Esta modalidade implica de seu certa complexidade, pois a aplicación debe recoñecer e tratar agrupadamente moitas variantes gráficas e diacríticos característicos dos textos medievais e convertelos en pezas "dixeribles" por unha aplicación informática deste tipo: p. ex., os tiles de nasalidade (<~>) tanto sobre vogais coma sobre consoantes, as distintas variantes gráficas con que se representaban na Idade Media algúns sons, como [s] (<s>, <ʃ>, <ʒ>...), etc.

En ambos os dous modos, o usuario dispón dunha serie de filtros que lle permiten combinar e refinar os criterios de busca. Afectan fundamentalmente ao factor

xeográfico-administrativo e á tipoloxía referencial dos topónimos. É dicir, pódense realizar buscas que teñan en conta unicamente os topónimos dun determinado país, provincia, parroquia ou lugar, e/ou buscas restrinxidas a unha determinada tipoloxía referencial (núcleos habitados, ríos, montañas, rúas, etc.).

3. Corpus textual

3.1. Obras incluídas no ITGM

Nesta primeira versión (2008), o ITGM permite consultar a totalidade das formas toponímicas presentes en case 1.250 documentos repartidos entre 7 coleccións documentais multilingües. A súa proxección xeográfica no territorio galego debuxa dúas grandes áreas da metade setentrional de Galicia:

a) costa máis occidental de Galicia: nesta zona inscríbense cinco documentos do notario compostelán do s. XIII Domingo Pérez, os documentos inéditos do mosteiro de Toxos Outos, a documentación do Tombo de Toxos Outos, o *Libro de Notas de Álvaro Pérez* e os documentos do mosteiro de Santiago de Mens:

CDDP = Fernández de Viana y Vieites (2007): "Cinco documentos del notario compostelano Domingo Pérez", en María del Val González de la Peña (ed.): *Estudios en memoria del profesor Dr. Carlos Sáez: Homenaje*. Alcalá de Henares: Universidad, pp. 319-326.

DISXT = Sánchez Sánchez, Xosé M. (2002): "Unha Primeira pedra: documentación inédita de San Xusto de Toxosoutos", *Compostelanum*, 3/4, pp. 413-438.

DTT = Pérez Rodríguez, Francisco Javier (ed.) (2004): *Os documentos do tomo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.



LNAP = Tato Plaza, Fernando R. (ed.) (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

SM = Zapico Barbeito, Pilar (ed.) (2005): *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens : edición e estudo*. Noia: Toxosoutos.


b) zona setentrional das provincias de Lugo e A Coruña: a esta área pertencen os documentos do Arquivo da Catedral de Mondoñedo e os do mosteiro de Santa Comba de Órrea:

CDMACM = Cal Pardo, Enrique (ed.) (1999): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Transcripción íntegra dos documentos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.


SCO = Cal Pardo, Enrique (ed.) (1985): "El monasterio de dueñas de Santa Comba de Orrea (Lugo)", *Estudios Mindonienses*, 1, pp. 13-81.




O *rango cronolóxico* da documentación abarca desde o s. IX (o documento máis antigo incluído no ITGM é do 871) ata o s. XVI (o documento máis tardío é de 1511). O século no que maior densidade de formas toponímicas se registra é o XIII (máis do 34% do total de formas), seguido do XV (con case o 32%) e, xa cunhas porcentaxes moi similares, os séculos XII (16%) e XIV (13%). As formas toponímicas documentadas nas restantes centurias suman entre todas elas o 1%. Existen así mesmo moitos items toponímicos extraídos de documentos para os cales carecemos dunha data de redacción concreta ou fiable (4%).



No tocante aos *focos de produción* da documentación, na inmensa maioría dos casos (67%) trátase de textos redactados no actual ámbito xeográfico galego, mentres que o 33% restante se reparte entre distintos puntos do resto de España (97%) e Portugal (3%).



Desde o punto de vista *glotolóxico*, o 66% dos documentos do corpus teñen como fondo lingüístico o latín, seguindo en importancia o galego (27%), o castelán (5%) e as distintas hibridacións medievais (2%).




3.3. Formas toponómicas

No seu estado actual, o ITGM acolle 17.640 rexistros toponómicos, que remiten a un total de 3.086 topónimos e outros tantos lemas. Destes últimos, 2.876 (o 93% do conxunto) están identificados con maior ou menor marxe de certeza, mentres que só para o 7% (os 210 restantes) carecemos de calquera parámetro xeográfico-administrativo de atribución, de modo que aparecen nas listas xeradas pola aplicación como "non identificados" (N.I.).

Así mesmo, o 79% desas formas toponómicas aparecen nos textos como formas autónomas, mentres que os restantes (21%) concorren como constituíntes de sintagmas, especialmente como apelidos integrados en cadeas antroponómicas.

Por outro lado, as obras que maior volume de rexistros achegan na actualidade ao ITGM son DTT e CDMACM, que por si mesmas supoñen o 85% do material toponómico recollido (14.982 formas). As restantes obras representan porcentaxes considerablemente menores: LNAP o 9%, SM o 3%, SCO o 2% e, finalmente, DISXT e CDDP suman entre ambas as dúas un 1% das formas toponómicas.



4. Resultados do ITGM

Na actualidade, o ITGM xa permitiu a elaboración de diversos traballos de investigación que, por unha parte, explotaron parcialmente o material toponímico recollido na aplicación e, polo outro, permitiron o desenvolvemento e refinamento da metodoloxía utilizada no proxecto. Podemos sinalar basicamente os seguintes:

Teses de doutoramento, teses de licenciatura e TITs

- Dourado Fernández, Rocío (2007): *Contribución a un inventario toponímico dos documentos do Arquivo da Catedral de Mondoñedo: a comarca da Mariña*. TIT presentado na Universidade d'A Coruña baixo a dirección de Manuel Ferreiro Fernández.
- Dourado Fernández, Rocío (2008): *Contribución a un inventario toponímico medieval da documentación do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*. Tese de licenciatura presentada na Universidade d'A Coruña baixo a dirección de Manuel Ferreiro Fernández e Xavier Varela Barreiro.
- Martínez Lema, Paulo (2007): *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*. TIT presentado na Universidade de Santiago de Compostela baixo a dirección de Xavier Varela Barreiro.

Libros, artigos e capítulos de libro

- Dourado Fernández, Rocío (2009): "Contribución a un inventario toponímico medieval", en *Actas del XXIII Encuentro de la Asociación de Jóvenes Lingüistas (AJL)* (no prelo).
- Martínez Lema, Paulo (2007): "Nomes de posesor na toponimia do concello de Begonte (Lugo)", *Revista Galega de Filoloxía*, 8, pp. 125-155.
- Martínez Lema, Paulo (2007): "Orotoponimia da comarca da Barbanza no Tombo de Toxos Outos", en Evans Pim, J. / B. Kristensen / O. Crespo (eds.): *Actas do I Congreso da Mocidade Investigadora (25-26 de outubro de 2007)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / IGESIP, pp. 189-195.
- Martínez Lema, Paulo (2008): *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*. Noia (A Coruña): Editorial Toxosoutos.
- Martínez Lema, Paulo (2008): "Proceso de construción dun inventario toponímico medieval: o Tombo de Toxos Outos", *Estudos de Lingüística Galega*, 1 (no prelo).
- Martínez Lema, Paulo (2008): "Achegamento á antropotponimia do concello de Vilalba (Lugo)", en Brea, M. / F. Fernández Rei / X. L. Regueira Fernández (coords.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 155-162.
- Martínez Lema, Paulo (2009): "*Togis / Spinis / Tribulis*: mecanismos de latinización de toponimia romance no Tombo de Toxos Outos", en Corral, E. / E. Moscoso Mato / L. Fontoira Surís (coords.): *A mi dizen quantos amigos ey*. Homenaxe a Xosé Luís Couceiro. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (no prelo).

Conferencias e comunicacións a congresos

- Dourado Fernández, Rocío / Paulo Martínez Lema (2009): "O *Inventario Toponómico da Galicia Medieval (ITGM)*, un novo recurso para a investigación toponomástica", conferencia pronunciada por invitación no *Simposio do ILG 2008: Toponimia e cartografía (Santiago de Compostela, 28 de outubro - 6 de novembro)*, organizado polo Instituto da Lingua Galega, o Consello da Cultura Galega e a Asociación Galega de Onomástica.

Compostela, outubro de 2008